

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos

ISSN: 1138-9664

<http://dx.doi.org/10.5209/MADR.53995>EDICIONES
COMPLUTENSE

Cunqueiro en *El Pueblo Gallego*

Armando Requeixo¹

Recibido: 27 de abril de 2016 / Aceptado: 3 de outubro de 2016

Resumo. O presente artigo describe e analiza as colaboracións de Álvaro Cunqueiro no xornal vigués *El Pueblo Gallego* antes do estourido da Guerra Civil. Preséntanse todos os textos publicados neste medio, clasifícanse tipoloxicamente e, por último, salientáanse de entre estes os de temática mindoniense, dos cales se reproduce unha escolma. Cómpre salientar que, entre todas as aparicións de Cunqueiro en publicacións periódicas da Pregarra, a máis importante, tanto polo número de colaboracións coma pola súa extensión no tempo, é a que mantivo co xornal *El Pueblo Gallego*, onde deu a coñecer entre mediados de 1933 e o comezo da Guerra Civil en xullo de 1936 máis de medio cento de textos.

Palabras chave: Álvaro Cunqueiro; xornalismo; *El Pueblo Gallego*; escritos mindonienses.

[es] Cunqueiro en *El Pueblo Gallego*

Resumen. El presente artículo describe y analiza las colaboraciones de Álvaro Cunqueiro en el periódico vigués *El Pueblo Gallego* antes del estallido de la Guerra Civil. Se presentan todos los textos publicados en este medio, se clasifican tipológicamente y, por último, se destacan de entre estos los de temática mindoniense, de los cuales se reproduce una selección. Hay que señalar que, entre todas las apariciones de Cunqueiro en publicaciones periódicas de la Pregarra, la más importante, tanto por el número de colaboraciones como por su extensión en el tiempo, es la que mantuvo con el periódico *El Pueblo Gallego*, donde dio a conocer entre mediados de 1933 y el comienzo de la Guerra Civil en julio de 1936 más de medio centenar de textos.

Palabras clave: Álvaro Cunqueiro; periodismo; *El Pueblo Gallego*; escritos mindonienses.

[en] Cunqueiro in *El Pueblo Gallego*

Abstract. This paper aims to describe Alvaro Cunqueiro's articles in *El Pueblo Gallego* (Vigo) before the outbreak of the Spanish Civil War. The texts are analysed in detail and organized according to a typology. Finally those that deal with themes related to Mondoñedo will be selected and reproduced. It should be stressed that Cunqueiro's articles in *El Pueblo Gallego* are his most important series in pre-war press in terms both of the quantity and duration. He published more than fifty articles between mid-1933 and the beginning of the Civil War.

Keywords: Álvaro Cunqueiro; Journalism; *El Pueblo Gallego*; Texts on Mondoñedo.

Sumario. 1. Introito. 2. Cunqueiro comeza a ser Cunqueiro. 3. Cunqueiro, mindoniense dende a primeira hora. 4. Textos de aquí e de acolá. 5. Referencias bibliográficas.

Como citar: Requeixo, A. (2016): "Cunqueiro en *El Pueblo Gallego*", en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 19, 181-188.

¹ Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
E-mail: arcuba@edu.xunta.es

1. Introito

Álvaro Cunqueiro, sobranceiro escritor, cultivador dos máis variados xéneros literarios, tivo como profesión principal a de xornalista. A súa excelencia narrativa, poética e teatral arrastra de tal maneira a quen se achega ás súas páxinas que, con frecuencia, adoita esquecerse o maxisterio que sen dúbida exerceu no eido do periodismo creativo. Cómpre, pois, reivindicar o papel decisivo que autor mindoniense xogou no xornalismo galego e español do século XX, pois só así poderá comprenderse de maneira cabal a complexidade e riqueza da súa figura e da súa obra.

Neste sentido, hai que advertir que xa nos anos trinta do século XX Cunqueiro comeza a súa andaina como escritor publicando os primeiros artigos, poemas e prosas de ficción na prensa galega e foránea daquel tempo. Son estes os anos en que recibe o bautismo literario no xornal mindoniense *Vallibria*, nos que dirixe e elabora dende a cidade bispal a revista *Galiza* e os tarxetóns líricos periódicos *Papel de color* e *Frol de diversos*, envía colaboracións para a revista lucense *Yunque*, que dirixía en Lugo o seu grande amigo Anxel Fole, publica no rotativo *El Compostelano*, na emblemática *Nós* e na moi sonada *Resol* e fai chegar poemas a revistas como a lisboeta *Descobrimiento* ou a catalá *Quaderns de poesia*.

Pois ben, de entre todas as aparicións de Cunqueiro en publicacións periódicas da Pregoira a máis importante, tanto polo número de colaboracións coma pola súa extensión no tempo, é a que mantivo co xornal vigués *El Pueblo Gallego*, onde deu a coñecer entre mediados de 1933 e o comezo da Guerra Civil en xullo do 1936 máis de medio cento de escritos.

Curiosamente, esta destacada participación do de Mondoñedo na cabeceira viguesa non xerou demasiada atención e só Xosé Francisco Armesto Faginas, no pasado, e Xosé Henrique Costas e Iago Castro Buerger,

máis recentemente, lle dedicaron páxinas específicas de comentario e recuperación². Por tal razón, nos parágrafos que seguen permitíreme traxer unha breve panorámica xeral das colaboracións de Cunqueiro neste medio durante a Pregoira, para pasar seguidamente a escolmar e describir aquelas de temática mindoniense.

2. Cunqueiro comeza a ser Cunqueiro

Un feito que chama poderosamente a atención ao abeirarse de primeiras a estas colaboracións en *El Pueblo Gallego* é que alí, fermosamente sintetizadas, están todas as potencialidades literarias do Cunqueiro creador de Posguerra. Dalgunha maneira, este periódico vigués funcionou na carreira do mindoniense como ventá primeira dende a que ir asomando a todo un universo de creación que estourou con inusitada forza anos máis tarde. Isto é o que explica que neste xornal Cunqueiro publicase xa deliciosos ensaios xornalísticos na liña dos que logo encheron as páxinas de *La Noche*, *Faro de Vigo* ou *La Voz de Galicia*, entre moitos outros, que dese a coñecer composicións poéticas logo recollidas en poemario, que velase as primeiras armas como narrador ou que realizase incipientes ensaios dramáticos.

Xa que logo, á vista do anterior, o groso das colaboracións de Cunqueiro en *El Pueblo Gallego* durante a Pregoira —maioritariamente escritas en galego, a excepción dunha ducia delas— poden clasificarse nos seguintes cinco tipos básicos:

1. Textos de creación: ben poemas (“Elexía a Feliciano Rolán”, 27-1-1935; “Poema”, 10-2-1935³ e “Poema antigo”, 25-7-1935⁴), ben prosas de ficción (“A creazón. Da mar”, 6-1-1935; “A creazón. Da mar [Continuación]”, 13-1-1935; “Fina historia con un paisaje. Fragmento”, 17-2-1935; “Toñín. Anacos de novela”, 28-3-1935; “A creazón. Os continentes”, 30-11-1935; “Versión de Don Johan”, 29-12-1935; “Versión do mundo”, 16-1-1936; “Versión da Primavera”,

² De valiosa consulta para este tema han resultar as palabras de Armesto Faginas (1991²: 88-90 e 2007: 341-344). Tamén a recuperación da articulación galega do autor levada a cabo por Costas González e Castro Buerger (2013).

³ Este texto, que comeza xustamente “Favorábel prisión de sono...”, é a composición homónima dun poemario proxectado por Cunqueiro e nunca editado (Armesto Faginas 1991²: 338; Seixas Seoane 1991: 79; Filgueira Valverde 1991: 10; Costas González: 1991: 42-43, 48 e 151; Cunqueiro 2011: 49). O poema, traducido ao castelán, inseriuno Cunqueiro en *Elegías y canciones* (1940).

⁴ Citado por Armesto Faginas (1991²: 99) e reproducido en recente edición de Cunqueiro (2011: 131-132). Este poema, que tamén se publicou en *El Compostelano* (13-8-1935) e *Quaderns de poesia* 3 (1935), formou parte máis tarde do indicado *Elegías y canciones*.

- 29-3-1936 e “A froita i-a frente”, 17-5-1936)⁵, ben escritos teatrais (“A creazón. Da mar, 13-1-1935⁶ e cadros dialogados (“Diversas historias”, 23-2-1936 e “Versións da Primavera”, 15-3-1936).
2. Textos de ensaísmo xornalístico sobre os máis diversos temas: etnográficos (“Mayos en Mondoñedo”, 10-5-1934⁷ e “Diversas historias”, 19-3-1936), sociopolíticos (“Cousas que pasan”, 4-9-1935; “A vocación da liberdade”, 28-6-1935⁸; “A vocación pol-a lingua”, 5-7-1936 e “Notas a unhas notas”, 8-7-1936), sobre tipos pintorescos (“Xentes variadas”, 7-8-1935⁹; “Retratos”, 2-10-1935; “As pequenas versións”, 10-4-1936; “As pequenas versións [Continuación]”, 19-4-1936¹⁰ e “Retratos”, 19-6-1936), de carácter histórico (“As voltas do mundo”, 17-10-1935), filosóficos (“La fruta y la frente”, 24-11-1935) e mesmo urbanísticos (“Pequena crónica urbán”, 10-5-1936)¹¹.
 3. Textos sobre arte pictórica e escultórica¹²: “Johán Bén e Bó”, 23-12-1934¹³; “Eiroa Barral”, 5-3-1935; “Landín”, 10-3-1935; a serie de sete entregas “III Salón Gallego de Arte” (20-4, 19-5, 26-5, 2-6, 6-6, 9-6 e 23-6 de 1935) e “Estampas” (14-12-1935).
 4. Textos de crítica ou comentario literario¹⁴: ora sobre autores foráneos como K. Hamsum (“Knut Hamsum”, 8-6-1933), Lucien Gervais (“Doces poetas”, 3-2-1935), Luisa Giradoux (“Doces poetas”, 17-3-1935), Jules Supervielle (“Doces poetas”, 18-4-1935), Leo Dierx (“Doces poetas”, 5-7-1935), H. Lutteroth (“H. Lutteroth”, 7-7-1935), Panait Istrati e Ysobe Davesco (“Panait e Ysobe Davesco”, 13-7-1935), Verlaine (“Doces poetas”, 28-8-1935), Blake (“Estampas”, 14-12-1935), G. Lenotre (“Pequena historia”, 27-12-1935), Kipling (“Rudyard Kipling”, 30-1-1936) ou Allan Tate (“Vos da fermosura”, 30-4-1936), ben sobre autores galegos e de fala castelá como Manuel Antonio (“Doces poetas”, 3-2-1935 e “Doces poetas”, 18-4-1935), Otero Pedrayo e Castelao (17-3-1935), Pondal (5-7-1935), Valle-Inclán (“Homenaxes. Festa a don Ramón del Valle Inclán”, 1-8-1935)¹⁵, M. García Paz (“*IV Melodía*, por M. García Paz”, 11-8-1935), do Jesualdo de *Vida de un maestro* (“*Vida de un maestro*”, 20-8-1935), Tomás Garcés (“Poesía, craridade”, 10-9-1935)¹⁶, García Lorca (“Ágoa anterga”, 13-10-1935 e “Poesía, craridade”, 9-2-1936)¹⁷, Joan Teixidor e Ángel Sevillano (“Poesía, craridade”, 10-11-1935), Bécquer (“Anos pasados”, 19-2-1936 e “Paxariñas de papel a Bécquer”, 22-3-1936¹⁸), Garcilaso (“Los años pasados”, 1-3-1936) ou Aquilino Iglesia Alvariño (“Vos da fermosura”, 30-4-1936).
 5. Traducións: como a poesía “Soupir” de Leon Paul Fargue (“Soupir”, 17-2-1935).

Como se bota a ver, moitos dos universos temáticos de interese para o mozo Cunqueiro colaborador de *El Pueblo Gallego* seguiron vixentes ao longo de toda a vida, pois obras, autores e personaxes aquí tratados volveron aparecer en escritos posteriores. Xustamente por iso, estes textos –que foron agromando en seccións como “O mundo i-outras vísperas”¹⁹,

⁵ Como xa indiquei (vid. nota 2), os textos de prosa galega que o mindoniense publicou en *El Pueblo Gallego* figuran todos recollidos na compilación realizada por Costas González e Castro Buerguer (Cunqueiro 2013), polo que aquí me limitarei a sinalar outras fontes bibliográficas.

⁶ Ocupouse desta peña teatral Rodríguez Ruibal (2001: 12-13).

⁷ Citado por Armesto Faginas (1991²: 84).

⁸ Citado por Armesto Faginas (1991²: 101) e reproducido por Seixas Seoane (1991: 81).

⁹ Este texto, así como tamén o titulado “Toñín. Anacos de novela”, aparece citado por Capelán Rei (1992: 77) e tamén é nomeado por Armesto Faginas (1991²: 300).

¹⁰ Citado por Armesto Faginas (1991²: 154-155).

¹¹ Unha pequena parte desta prosa aparece en Armesto Faginas (1991²: 331).

¹² Varios deles amentados por Armesto Faginas (1991²: 94-95).

¹³ A este artigo fai referencia Fernández del Riego (1991: 41).

¹⁴ De varios deles dá noticia xa Armesto Faginas (1991²: 89, 92, 93, 97 e 331).

¹⁵ Cando a morte de Valle, do que Cunqueiro era familiar, este último publicou un telegrama de condolencia en *El Pueblo Gallego*, 9-1-1935. Para a relación de ambos os dous parentes pode lerse o artigo de Rodríguez (2010).

¹⁶ Amentado por Armesto Faginas (2003: 35-36).

¹⁷ A ambos os artigos referiuse Armesto Faginas (1991²: 91) e logo Seixas Seoane (1991: 80). Con posterioridade, tamén, se ocupou deles Alonso Montero (2003: 14) –quen recunhou nun traballo de tres anos despois (Alonso Montero 2006: 65-67)– e outra volta Armesto Faginas (vid. nota 16).

¹⁸ Citado por Armesto Faginas (1991²: 79) e, indirectamente, por Fernández del Riego (1991: 43).

¹⁹ Con este mesmo antetítulo publicou uns “Fragmentos” en *Nós* (Cunqueiro 1934: 2-3) hoxe recollidos na edición dos seus artigos elaborada por Costas González e Castro Buerguer (2013: 142-145). Antonio Odriozola (1981: 248-249) sinala que o título de *El mundo y otras vísperas. Paisajes y retratos*, ben así enteiro ben só coa primeira ben só coa segunda parte do mesmo, foi preanunciado como libro por Cunqueiro nas lapelas de *Elegías y canciones* (1940) e *Balada de las damas del tiempo pasado* (1945) e citado por Antonio Couceiro Freijomil no seu *Diccionario bio-bibliográfico de escritores* (1951). Porén, este libro non chegou nunca a editarse, aínda que, como apunta Odriozola, “sin dúbida foi planeado pra conter os artigos (case todos en galego) publicados en *El Pueblo Gallego* de Vigo entre 1934 e 1936”.

“Notas” e “Notas e leituras”, “Escadas antigas” e “Por Galiza”, sobre todo, pero tamén noutras máis puntuais como “Homenaxes”, “Divagacións de vrán”, “Notas de vagar”, “Días”, ou “Diversos” – constitúen un valioso e sinecdótico mostrario do conxunto total da produción cunqueiriana.

Pois ben, é preciso subliñar que, dende a primeira hora, dende as súas primeiras colaboracións, Álvaro Cunqueiro fixo gala nas páxinas de *El Pueblo Gallego* da súa mindonicidade, incluíndo entre os escritos que enviou ao xornal vigués varios dedicados á súa cidade natal.

3. Cunqueiro, mindoniense dende a primeira hora

Catro son os textos de temática mindoniense publicados por Cunqueiro na Pregarra en *El Pueblo Gallego*: “Mayos en Mondoñedo” (10-5-1934), “Xentes variadas” (7-8-1935), “Diversas historias” (19-3-1936) e “Pequena crónica urbán” (10-5-1936). Tres deles son singulares crónicas e outro a relembanza, literaturizada, dun curioso personaxe²⁰.

“Mayos en Mondoñedo” non é senón a relación en engaiolante prosa lírica da Festa dos Maios celebrada na cidade lucense en 1934. Festa na que, por certo, Cunqueiro tivo un destacado papel, pois escribiu uns versos²¹ para seren cantados polos nenos do coro infantil da rondalla O Eco aos que puxo música Manuel Ledo Bermúdez, o Pallarego. O artigo, que vai acompañado dunha fotografía na que aparece a comparsa que percorreu cantando as rúas mindonienses, sérvelle ao autor para afirmarse nas tradicións do pobo, para o que mesmo reivindica un prometedor futuro:

E ollando correr e brincar aos nosos rapaces, sentido cantar tan ceibamente e por beizos tan novos os acordes outos do noso Hino nazonal, os nosos peitos abríanse a unha espranza. A espranza de velos medrar, eisí, donos do seu chán e do seu tempo, ledos e confiados, creándose na recreazón da súa Patria, que, como

ista festa de Primavera, é, tamén, fina e cordial, crara de total-as ordes maiores.

O segundo dos textos de tema mindoniense, “Xentes variadas”, preséntase dividido en dúas partes. A primeira, máis breve, é un in-troito contextualizador sobre o carácter apra-cible e fantasioso dos individuos da cidade. A segunda é o relato dos recordos infantís que lle trae a memoria dun personaxe singular, don Veremundo López, reloxeiro de profesión e avó do seu amigo Vitoriano. Por outra banda, a historia é o xérmolo dun coñecido relato cunqueiriano, “O Licho de Vilamor”, inserido, moitos anos despois, en 1960, en *Escola de menciñeiros*²². En ambos aparecen estra-falarios seres cunqueirianos como Xan Moletas, o Berete, que aprendeu a ler nun día, ou Licho de Vilamor, dentista popular, que tiraba as moas sen dor.

“Diversas historias” é a crónica dunha via-xe dende Mondoñedo á lindeira Vilanova de Lourenzá realizada polo escritor. Ilustrada polo cantigueiro popular (“Mondoñedo está nun baixo,/ Vilanova nun baixiño./ Nosa Señora do Carme/mesmo á veira do camiño.”), a narración demórase no relato lendario que xustifica o alcume local de “Os do Páxaro” para referirse aos habitantes de Lourenzá. Agora ben, Cunqueiro, sabedor da verdade histórica da designación, explícitaa, mais magóase do escaso encanto da mesma, polo que opta por reproducir na súa exquisita prosa o relato oral tradicional:

Aos de Vilanova chámánlles “os do páxaro” porque todos os anos tiñan de entregar ao señor abade do mosteiro, con grande cerimonia e procesión, unha ave, en símbolo de non sei qué rendas e trabucos. Millor sería que lles chamaran eisí porque algún reiseñor, ou aláuda, cantaran na tomba do Santo Conde Osorio Gutiérrez, anos innumerábeles. Escribiríanse entón uns versos como aqúes do meu amado Guérin: “Les ressignons chantaient sur le tombeau d’Orphée”... Mais non é eisí. Cántanse diversas historias. Unha é ista...

²⁰ Os tres que figuran en galego –“Xentes variadas”, “Diversas historias” e “Pequena crónica urbán”– recolléronse na compilación, varias veces citada, de Costas González e Castro Buerger (Cunqueiro 2003: 96-98, 122-124 e 132-134) mais alí os editores operaron modificacións na lingua dos textos que neste traballo se reproducen sen alteración ningunha.

²¹ Reproduceos Armesto Faginas (1991²: 83-84).

²² Cf. Cunqueiro 1983: 101-102.

Finalmente, “Pequena crónica urbán” mergúllase na realidade social mindoniense coa esca do derrubamento dunha vivenda na “Rúa das Monxas”. Mais, incido, o feito concreto é apenas un motivo anecdótico, necesario por canto xustifica o delicioso excursio cunqueiriano sobre unha fabulosa narración titulada *As cinco familias antigas* –que nunca publicou– e que ten como protagonista, precisamente, os inquilinos do inmoible derrubado.

4. Textos de aquí e de acolá

Consciente da importancia indiscutible da obra xornalística de Cunqueiro e das súas posibilidades estéticas e temáticas, este artigo quere reivindicar a produción aparecida en *El Pueblo Gallego* entre 1933 e 1936, de capital importancia para a configuración e comprensión do Cunqueiro poeta, narrador e dramaturgo de Pre e Posguerra, e, sobre todo, do Cunqueiro periodista, tan brillante e rebordante de imaxinación nestes textos coma en calquera dos seus libros. Con tal motivo, escólmase aquí unha breve mostra articulística que ten como obxecto de atención a paisaxe e a paisanaxe mindonienses.

TEXTOS

Mayos en Mondoñedo

Otra vez viven las viejas tradiciones

As nosas ruas vistiron festa o día do Maio. Lediza das festas eternas, d-isas festas fondas de craridades e finas de verso de frauta. Festas da tradizón, e non d-unha tradizón calquera, senón da nutricia, da que é sangue raíz de vida nosa. E como brincaba ista lediza de festa antiga, de festa ao vento, nos beizos frolicos dos rapaces, no sabor cordial das maiolas conservadas na hucha do pan! Festa ao vento, festa amasada a pura forza de froles e follas, das follas anchas e sensuaes da pravia, festa no centro amante da roda das catro estacións, tan bélas como eternas. Festa como todo un comenzo do mundo.

Na miña cibdade, pol-o noso esforso, queda restaurada unha tradizón que somellaba perdida para sempre. Os rapaces que cantaban, en ruada de cores e brincos, as vidas gozosas do Señor Maio, xa non esquecerán nunca, porque o viron, con unha emoción que entra pol-os ollos, que é anterior a todol-os textos i-a total-as noticias, que a festa dos Maios que eles cantaban e brincaban non era precisamente unha festa calquera, senón que era unha

festa que viña de todol-os tempos, crareándose de todol-os áers nosos, repinicada de chíos de páxaros, de nomes frolicos, valeirándose de maiolas, de nocas, de mazás, i-entre istas frutas, a gozosa faciana de miles de nenos que cantaron en tempos ao Maio dos ventos, de miles de nenos que na mesma lingua, co mesmo són, co-a mesma sorriso racial e tan amábel, o cantarán pol-os séculos dos séculos.

Festa dos Maios. E ollando correr e brincar aos nosos rapaces, sentindo cantar tan ceibamente e por beizos tan novos os acordes outos do noso Hino nazonal, os nosos peitos abríanse a unha esperanza. A esperanza de velos medrar, eisí, donos do seu chán e do seu tempo, ledos e confiados, creándose na recreazón da sua Patria, que, como ista festa de Primavera, é, tamén, fina e cordial, crara de total-as ordes maiores.

(A. C., *El Pueblo Gallego*, 10-5-1934)

Xentes variadas

Mondoñedo é unha cibdade antiga, húmeda e revolta. Nunca tivo historia que merecese crónicas maiores, dito seña con todo respecto ao meu ilustre amigo Lence Santar. O seu vivir é artesán e maino i-unque haxa radios, cine sonoro e de vez en veces aparezan cupretistas polos cafés -fai pouco viñeron unhas negras que tiñan moito que ver- non se pode dicir que vivamos en 1935 e nin falla que fai.

O que houbo sempre en Mondoñedo é unha propensión a fantasía. A raza somella mui vella i-a fantasía poidera ser un descanso. Sempre houbo tipos disparatados, deixados levar pola imaxinativa. Aínda oxe os hai, a pesares de adiantos.

Acarón distes tipos disparatados e pantásticos houbo uns cantos homes lentos, ordeados, afoutos, de voz encasqueirada. Coas cousas duns e doutros téñome divertido en moitas vegadas. Si queredes lerne atoparedes unha cativa galeiría das xentes variadas que houbo istes derradeiros tempos no meu pobo. Dou os nomes verdadeiros de todos -unque me espoña a algún disgusto- e moitas das anécdotas que conto, a xente do meu pobo saben.

II

Don Veremundo López

Don Veremundo López, finouse fai uns sete ou oito anos. Lembrome mui ben. Gastaba bombín, capa e zocas entrecheas de palla. Era abó

dun compañeiro noso que se chamaba Vitoriano. No portal de casa de Vitoriano tiña unha tenduca na que exercía o nobre oficio de reloxeiro. Pegada no cristal do escaparate tiña a tarifa de precios. “Por unha corda, tanto. Por un pelo, tanto. Por un cristal, tanto. Por un sopro, nada”. Non sei en que consistía iste sopro aos relós. No tocante a relós tiña un de música que daba groria ouvílo. O Vidarte e mais eu íbamos a precurar a Vitoriano para ir de brinqueta. Namentres o neto non saía, don Veremundo decía:

—Boeno, boeno, imos logo aló! E dun estantiño collía o reló de música e poñíao derriba do amosador. Dáballe corda e tocaba unha jota. Eisí que remataba volvía a poñer o reló no estatiño dicíndonos:

—Boeno, boeno, por oxe vai bastante.

Ao día seguinte, en vez de jota o reló tocaba unha mazurka mui ben preparada.

Don Veremundo, que morreu rico polo moito que aforrou, nascéu en Vilamor, acarón de Mondoñedo. Solía decir:

—En Vilamor houbo dous homes de talento: Xan Moletas, que aprendeu a lér nun día, i-o Licho, que sacaba moas sen dolor. A mín sacóume dúas e cobróume medio real. Acor-dareime toda a miña vida. Pro logo fixen eu ferramenta e i-adeprendín a sacálas mui goapo. Cheguei a sacarmas a min mesmo.

Perante cerca de vinte anos foi seguido a sega a Castela. Ao ir xuntábanse os segadores de toda ista banda en Seselle, na Pastoriza. Alí según don Veremundo, comían tortilla. Don Veremundo, gastóu, invariabelmente, dezaquito reás ao ir a Castela, e dezaseis ao volver. Eu, decía, non me privaba de ningunha cousa:

—Houbo año que levei dúas ou tres fogazas de pan trigo pra venderllas aos meus compañeiros polo camiño. Cheguei a ganar, algunha vez, pra un sombreiro que me botou dous anos.

Das cousas de cando foi á sega contaba e non remataba. En Santa María de Nieva matóu unha vez un culebrón que estivo fitando pra il moito tempo “igoal que si fora un cristiano, dispensando”.

Tiña moita idea das cousas que andan polo mundo. En quince anos non léu senón o “Bertoldo, Bertoldino y Cacaseno”, e sempre que o remataba volvía a començar, porque lles esquencera de todo o que lles pasara aos seus

persoaxes. Unha vez díxonos aos amigos do seu neto:

—¿Fóstedes ao campo da feira? Viñeron os “hungrianos” –húngaros. E a lingua mais difícil que hai a que iles falan. Pra falála hai que abrir a boca coma un furco.

Non sei de que morreu, pro verdadeiramente foi unha lástema. Era feo, un pouco deslougado e tiña unha boca profunda na que as verbas agardaban unhas polas outras pra ceibarse mui mansamente. Díse dil que unha vez andivo dous kilómetros para atopar unha chatola que lle había caído dunha zoca. Pode ser verdá. Todos os días ía dende Mondoñedo a Vilamor, que está a mais de media legoa, para ollar ás terras que labraba a ver como ía o millo ou as patacas. A Don Veremundo eu tíñalle certo aquel.

(A. C., *El Pueblo Gallego*, 7-8-1935)

Diversas historias

Oxe a mañán fun a Vilanova de Lourenzá. O día era ledo i-o ceo, mezcrao de branco i-azul, deixábase levar por o fresco do áer. A mañán era outísima. A fermosura da terra, a mín asolágame sempre. O amarelo da frol dos nabos é un color novo, algo estridente e non mui fino. En troques, ista pequena e branca frol que está a nacer nas pereiras, nas cerdeiras, nos mazaeiros, nos pesegueiros, é coma un mencer a rubir, lixeiro e de vidro, pólas ponlas. Vilanova de Lourenzá está nun baixiño, ao reverso de Mondoñedo, que está nun baixo.

Mondoñedo está nun baixo,
Vilanova nun baixiño,
Nosa Señora do Carne
mesmo á veira do camiño.

Vilanova ten un fermoso mosteiro, fundado pólo Conde Santo, que alí está enterrado. O mosteiro ten unha frolida eirexa, matinda por Casas, graciosa como unha das torres da faciana sen rematar. Logo de Vilanova xa están as Mariñas i-o mar maior, non con San Simión, pro si con San Bartolo, pólas grandes mareas do agosto. Aos de Vilanova coñécenos nistes vales e nas Mariñas pólos “do paxaro”. Tamén os do Valadouro son “os do corno” i-os de Mondoñedo son “os da Paula”, i-a ningún distes lles gusta que os moten eisí. Aos de Vilanova chámanlles “os do paxaro” porque todos os anos tiñan de entregar ao señor abade

do mosteiro, con grande cerimonia e procesión, unha ave, en símbolo de non sei qué rendas e trabucos. Millor sería que lles chamaran eisí porque algún reiseñor, ou aláuda, cantaran na tomba do Santo Conde Osorio Gutiérrez, anos innumerábeles. Escribiríanse entón uns versos como aqués do meu amado Guérin: “Les ressignols chantaient sur le tombeau d’Orphée”... Mais non é eisí.

Cóntanse diversas historias. Unha é ista: O señor abade do mosteiro certo ano pasado, recibira de ofrenda dos valecos un fermosísimo paxaro cantor. Tan fermoso era, que o señor abade de Meira, tamén bieito, llo trocáu por catro mulas, en cuia cría tiña fama sobrada o mosteiro da Fonmiñá. Era por entón a Primavera, e nas hortas dos freires de Meira medraba a úneca cerdeira de toda aquela outa terra, que daba aquela vegada por úneco froito, unha soia cereixiña gozosa. Os freires coidaban tanto de aquela cereixa que as todas horas había algún díles vixiando, por medo de que viñera algún neno a roubála ou algún paxaro a peteirála. Un día tocoúlle vixiar a cereixa, despoixa da hora de xantar, a un frade velliño, quen aloumiñando polo solciño levían e mais póla priguiza da dixestión, adormecéu. O paxaro cantor fuxía a aquela mesma hora da gaiola, deixada por un descuido coas portas abertas. Brincóu o paxaro a fiestra, trinóu un vó lixeiro pólo áer i-o sol, rubíu e baixóu escadas i-a frolecida cereixa, peteiróuna e con ela no peteiro fuxíu pólos azúes. Un freire ollóu cómo fuxía o paxaro, metéu voces, espertóu o gardián da cerdeira, berróu tamén, chegaron os outros freires, e todos chegaron a tempo aínda de ollar ao paxaro voar coa cereixa no peteiro. “Unha disgracia nunca ven soia!”, sentencióu o señor abade, e dóu ordes pra que dous freires se votaran ao campo en seguimento do paxaro. I-alá foron os meus santiños. Preguntaron a uns peisáns que labraban a terra: “Ei viron pasar un paxaro?”... “E vimos”, lles responderon. “Ia cara a Piñeiro”. “E levaba unha cereixa no peteiro”. “Ei levaba”, dixeron os peisáns. Correron os freires, e pasaron Piñeiro, e máilo Marco de Alvare e chegaron a Riotorto i-en todas partes os peisáns viran pasar ao condanado do paxaro coa cereixa no peteiro. E por Vilaameá pasaron a Vilaoudriz e por Asturias se meteron. Chegaron os bós dos freires a Navia e xa pasara un día coa súa noite, e atoparon nunha terra a dous labregos i-un freiriño preguntóu: “Ei viron pasar un paxaro?”... “E vimosle”, dixeron os asturiáns. “Ei levaba unha cereixa no

peteiro?”), tornaron a preguntar os freires. E contestaron os asturiáns: “Paxarolo vímosle, pro cereja non levaba!” Olláronse os freires, consideraron a disgracia, e diz que se dixeron: “E papóuna”. Tristes tornaron pra o mosteiro. Outras historias cóntanse por istas riveiras.

(A. C., *El Pueblo Gallego*, 19-3-1936)

Pequena crónica urbán

I

Na rua das Monxas –ontes parece ser que acordaron no Concello chamarlle de “Luís de Sirval”– había dúas casiñas moi vellas, con fermosos corredores de madeira, de outísimos barandáes. Istes días comezaron a derrubar unha delas, seguramente pra faguer un garaxe. Eran unhas casiñas bonitas e feitucas, pegadas a horta do convento das Concepcionistas por un lado e pólo outro á de Silva. Na portada da horta de Silva, don Víctor, -un persoaxe escandaloso, que eu lembro gordo e potrán, con pajilla e tarareando unhas canciós especiáes: torí, toró, torí!- puxo un escudo de armas, que mercóu por catro pesetas en Barreiros e que non se sabe de qué casa é. Todas as Primavera cobren o escudo as froles dun vello e docísimo camelio, Don Víctor foi académico da Historia por cuñas da Pardo Bazán e non se sabe qué escribera nunca nada.

Na casa que andan a derrubar domiciliéi eu a un persoaxe dunha novela miña, “As cinco familias antigas”. Chamábanlle don Felisindo i-era un bó home, que eu tratéi con moito amor. Aínda agora o vexo ben, i-anque don Felisindo non eisitíu nunca, paréceme que si remexera algúns vellos papéis, atoparía no meio un retrato del. Amólame de verdá que derruben ista casiña. Si don Felisindo houbera eisistido, vivirían oxe na casiña a súa filla Antoña i-o seu home Andrés e quizaves tiveran unha filla, cuia brancura fresca, cuio estar sereo e silen-zoso, cuio cabelo negrísimo, cuio ser tímido e solícito lembrara a mocidade doce da nai. Non derrubarían a casa, aínda que poideran facer unha moi mellor, por conservar, xiquer, o corredor dende onde don Felisindo miraba horas e horas, sen descansar chisco, co seu anteollo de longa vista, mais formidábel aínda que o de don Ramón Posada, que foi o primeiro anteollo de longa vista que houbo en Mondoñedo.

A rua das Monxas é moi leda e parece no-
viña de todo. Filgueira Valverde decíame fai

pouco tempo, paseando por éla, que parecía unha rua dun pobo portugués, de Guimarães, por eixemplo. De feito, moi leda é. Sempre está chea de sol i-ainda no agosto, é fresquía dun aer que cruza sempre. Varias hortas dan a ela i-a do Montero -un argallante que por negociar cambiara carne de cocho por carros de esterco; tiña un anunzo que eisi o decía na porta da casa- tén limoeiros e laranxos agrios, con ponlas que penduran da parede. Nin unha rua tan doce se poido librar do progreso. Xa hai catro casas de cemento néla, i-unha cunhas portas i-unhas fiestras amarelas, que da xenio véla.

No Mondoñedo novísimo hai tres estilos arquitectónicos principáes: Oxival, modelo Eirexa Nova, obra de Pepe de Xaque, que se papóu unha fiada de pedra na faciana e deixóulle á eirexa unha porta tan pequena, que os santos teñen que pasar a brazo por ela i-ai que

dobregar os estandartes; País Frolido, modelo as casas de Cavanás e Cigarrán, con almeas, pontes colgantes, facianas pintadas de branco, azul, verde e castaño escuro; portugués de Mera -nome dun contratista de Viana do Castelo, domiciliado eiquí-, libre imperio do cemento, dos balcóns decorados, das molduras, dos casetóns, das testas de fada, o cemento imitando pedra, o cemento imitando madeira, etc. Na casa onde está hoxe o Correo coído que é don Cristóbal Colón quén está alí, en tres rosetóns, mui ben modeladiños. Os canteiros de Vilamor convertíronse, con Mera, ao cemento i-ao repinique das facianas, nas que fan unhas froles i-unhas serpes extraordinarias. Ista afición dos de Vilamór ás serpes debe de ser cousa de supervivenza de algún culto prehistórico. Non cabe duda.

(A. C., *El Pueblo Gallego*, 10-5-1936)

5. Referencias bibliográficas

- Alonso Montero, Xesús (2003): “Álvaro Cunqueiro: tres poemas en catalán e unha carta en galego a Tomás Garcés”, en J. Cerdà, V. Martínez-Gil e R. R. Vega (eds.), *Álvaro Cunqueiro e as amizades catalanas. Actas*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro, pp. 11-29.
- (2006): *Ánxel Fole, García Lorca e os «Seis poemas galegos»*. Lugo: Concello de Lugo.
- Armesto Faginas, Xosé Francisco (1991²): *Cunqueiro. Unha biografía*. Vigo: Xerais.
- (2003): “Álvaro Cunqueiro: una biografía catalana”, en J. Cerdà, V. Martínez-Gil e R. R. Vega (eds.), *Álvaro Cunqueiro e as amizades catalanas. Actas*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro, pp. 31-52.
- (2007): “Cunqueiro, máis de medio século nos periódicos”, en VV. AA., *Xornalistas con opinión. 20 biografías*. Vigo: Galaxia, pp. 341-344.
- Capelán Rei, Antón (1992): “Dous contos esquecidos de Álvaro Cunqueiro”, *Boletín Galego de Literatura. Monografías I: Álvaro Cunqueiro*. Santiago: Universidade, pp. 77-88.
- Costas González, Henrique (1991): “Introducción”, en Á. Cunqueiro, *Herba aquí ou acolá*. Vigo: Galaxia, pp. 5-49.
- Cunqueiro, Álvaro (1934): “Fragmentos”, *Nós* 121 (15 de xaneiro), pp. 2-3.
- (1940): *Elegías y canciones*. Barcelona: Apolo.
- (1983): “O Licho de Vilamor”, en *Obra en galego completa. Semblanzas. III*. Vigo: Galaxia, pp. 101-102.
- (2011): *Dona do corpo delgado. Herba aquí e acolá. Outros poemas. Poesía 1933-1981* (eds. X. Henrique Costas e I. Castro Buerger). Vigo: Galaxia.
- (2013): *O mundo que teño de meu. Artigos en lingua galega. Prensa e revistas, 1930-1980* (eds. X. Henrique Costas e I. Castro Buerger). Vigo: Galaxia.
- Fernández del Riego, Francisco (1991): *Álvaro Cunqueiro e o seu mundo*. Vigo: Ir Indo.
- Filgueira Valverde, Xosé (ed.) (1991): *Cunqueiro. Autopoética e poesías. 1935. Transcripcións*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Odriozola, Antonio (1981): “Lembranza de Álvaro Cunqueiro e unha bibliografía máis da súa obra”, *Grial. Revista galega de cultura* 72 (abril-maio-xuño), pp. 235-260.
- Seixas Seoane, Miguel (coord.) (1991): *Álvaro Cunqueiro. Unha fotobiografía (1911-1981)*. Vigo: Xerais.
- Rodríguez, Salvador (2010): “Cunqueiro y Valle-Inclán. Mucho más que primos”, *Faro de Vigo*, 14 de marzo.
- Rodríguez Ruibal, Euloxio (2001): “Teatro de lirismo e mitoloxía”, en *Álvaro Cunqueiro. A maxia da palabra*, especial de *La Voz de Galicia*, 28 de febreiro.